



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A PRESTACIÓN DE ASESORAMENTO EN MATERIA DE ACUMULACIÓN ENERXÉTICA.

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

#### **DECLARA:**

Que esta entidade instrumental do sector público autonómico formalizou, ca Universidade de Santiago de Compostela (USC), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31/12/2022.

Que o acordo de cooperación ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre o Inega e a USC para o asesoramento e apoio na análise, investigación, participación, estudo, identificación de oportunidades de captación de fondos públicos e proposta de actuacións no ámbito da acumulación enerxética, co fin de garantir que a Administración pública galega, os axentes científico-tecnolóxicos e as empresas da Comunidade poidan dispor de información relevante e actualizada no eido da acumulación de enerxía.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamente no seguinte:

- A axencia Instituto Enerxético de Galicia poderá cooperar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado a través de convenios (art. 9.1 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 142/2016, do 22 de setembro).
- Coa presente actuación realízanse actividades de interese público, social e económico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes, exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 50.1 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público e no artigo 15.2 e 15.3 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

